# VÍDEOS DOCENTES

## Os meus vídeos de Campus Remoto



Universidade Vigo

# Os meus vídeos

A nova ferramenta «Os meus vídeos» de Campus Remoto é unha solución de repositorio e de gravación en liña de vídeos docentes para o profesorado da Universidade de Vigo. Esta nace da integración de Campus Remoto coa plataforma UVigoTV xa existente.

Como repositorio de vídeos, permítelle ao profesorado administrar unha canle persoal de vídeos en UVigoTV organizados en carpetas e ligado ao seu despacho virtual en Campus Remoto. Dun modo sinxelo, o profesorado pode subir vídeos desde o seu ordenador e decidir cales fai visibles para o alumnado visitante da súa canle persoal ou cales incrusta nos seus cursos de Moodle.

Como ferramenta de gravación permite crear vídeos docentes capturando a súa pantalla e a súa cámara web sen necesidade de instalar ningún software adicional no PC do/a docente. Só cun navegador (Chrome ou Firefox), o profesorado pode gravar contidos compostos pola captura da pantalla do seu ordenador e pola imaxe dunha cámara web. Isto posibilita dun modo moi sinxelo narrar presentacións en PowerPoint, amosarlle ao alumnado o uso de programas informáticos, simular clases de encerado etc.

Grazas a este repositorio de vídeos persoal o profesorado poderá, se o desexa, enriquecer os seus cursos de Moodle con gran cantidade de vídeos sen sobrecargar as plataformas Moodle. Isto é posible xa que os vídeos permanecerán no repositorio «Os meus vídeos» mentres o Moodle unicamente inclúe a ligazón ao contido audiovisual.

Deseguido está dispoñible un vídeo titorial introdutorio das capacidades desta nova ferramenta:

https://tv.uvigo.es/video/5f4cd5fa58ed2258e232ec26

O acceso a «Os meus vídeos», tanto para o alumnado como para o profesorado, realízase premendo no botón co texto «Os meus vídeos» e coa imaxe dunha cámara que atoparades no despacho virtual de Campus Remoto:


BUZÓN DE ARQUIVOS
MEU MOODLE
OS MEUS VIDEOS
SALA DE VIDEOCONFERENCIA
Usuarios na sala (máx 101)
0
GRAVACIÓNS
ID
Nome
Data
Editar
Visible
Eliminar
#1544
Nova Gravación
2020/05/13 10:10:23
Compartir
Ir a gravación
GRAVACIÓN DAS CLASES E DOS EXAMES


INICIO / 'UVIGOTV' / Videos de Vicente Goyanes
Mis videos
Menú
Servicio
F.A.Q.
Mediateca por meses
Mediateca completa
Clases y polimedias
UvigoTV en:
iTunes U
Youtube EDU
Directo
Canal Directo 1
Canal Directo 2
Mediateca
1907 Serie
20266 Videos
7666.9 Horas
Próximos directos
No hay eventos en este momento
Contacto
tv@uvigo.es
Videos de Vicente Goyanes
Subir
Grabar
Administrar
Ver como alumno
Algebra-1 (2020/2021)
20 ago. 2020
Calculo-1 (2020/2021)
19 ago. 2020
My Uploads
27 jul. 2020
Personal Recorder
26 dic. 2019


UVigoTV
tv.uvigo.es/admin/myvideos
GALICASTER
Grabando
Personal Recorder
Google
COMPARTIR CÁMARA
GUÍAS
COMPARTIR PANTALLA
GRABAR/PARAR
00:03.6 / 45:00.0
TIEMPO TRANSCURRIDO
TIEMPO MÁXIMO
Close
Contacto
tv@uvigo.es